



ás iniciativas de desenvolvemento rural



“Coa finalidade de premiar aquelas iniciativas que, no seo da Comunidade Autónoma de Galicia, contribúan de xeito singular á promoción do medio rural e á xeración dunha sociedade máis dinámica e cohesionada, convócase a novena edición dos **Premios Agader ás Iniciativas de Desenvolvemento Rural**”

Resolución do 3 de maio de 2018 pola que se convoca a Novena edición dos Premios Agader ás Iniciativas de Desenvolvemento Rural (DOG número 94 do 18 de maio de 2018)

Destinatarios

Poderán presentar candidaturas aos Premios Agader ás Iniciativas de Desenvolvemento Rural as **persoas físicas ou xurídicas de natureza privada**.

Non se poderán presentar as iniciativas: que obtivesen premio nalgunha das anteriores edicións dos premios, que se atopen en fase de deseño ou execución na data de publicación da convocatoria do premio, que se desenvolvan nos sectores da pesca e acuicultura ou que estean relacionadas coa exportación a terceiros países ou a Estados membros.

Documentación a presentar

As candidaturas, formalizadas nos modelos oficiais que se publican como anexo II, anexo III e anexo IV á resolución pola que se convocan os premios (á disposición dos interesados na internet no enderezo <http://agader.xunta.gal/gl/linas-de-axuda/premios-agader>), conterán a seguinte información:

- **Denominación da candidatura.**
- **Datos do solicitante ou representante** (no caso de entidades): Nome, DNI/NIF, enderezo, teléfono e persoa de contacto.
- **Breve descrición** (max 2000 caracteres) que reflicta os aspectos que se consideren máis relevantes, valiosos ou atractivos de cara á súa valoración.

Poderase xuntar calquera documentación que o promotor considere interesante, tal como cartas de apoio, publicacións, fotografías, outros documentos gráficos e, en xeral, calquera outra que contribúa a fortalecer a iniciativa que se presenta.

Prazo para a presentación

O prazo para presentar as candidaturas rematará o **18 de xuño de 2018**.

Dotación

Os premios constarán dun **diploma** e dunha **dotación en metálico de 10.000€**.

Categorías

Cada iniciativa só poderá presentarse a **unha das seguintes categorías**:

- Mozos
- Proxectos culturais e de recuperación patrimonial
- Proxectos de interese social
- Turismo
- Sector agro-gandeiro
- Mulleres
- Innovación tecnolóxica
- Loita contra o abandono e en prol da mobilidade de terras

Forma de presentación

As solicitudes presentaranse **preferiblemente por vía electrónica** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.

A presentación electrónica será **obrigatoria** para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional e as persoas que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración.

As **persoas físicas** tamén poderán presentar a candidatura de xeito presencial dirixida a Agader, (A Barcia 56, Laraño. 15897 Santiago de Compostela).

Máis información

Poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

Na páxina web da Agader

<http://agader.xunta.gal/gl/linas-de-axuda/premios-agader>

Na guía de procedementos e servizos, no enderezo

<https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>

No teléfono de Agader **981 545 858**.

De xeito presencial en **Agader**, A Barcia 56, Laraño. 15897 Santiago de Compostela, con cita previa no teléfono 981 545 858.